



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA
DEZASETE DE ABRIL DE 2013, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
	D ^a . LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
	D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
	D. JORGE CERDEIRA LOURO
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dezasete de abril de dous mil trece, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (20/03/2013).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Acordo, se procede, sobre recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2013

Dáse conta da necesidade de recoñecer créditos para as facturas núm. A 29 e A 30 de Comercial Terrón - Manuel Núñez Rúa do exercicio 2012 por un total de 801,04 euros.

O pleno por unanimidade dos asistentes acorda aprobar o citado recoñecemento.

3º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a retirada da proposta de copago nos comedores escolares.

Dáse conta da moción presentada polo BNG, na que se expón que o Conselleiro de Cultura e Educación anunciou no Parlamento o pasado 13 de marzo o copagamento do servizo de comedor do ensino público galego, que eles describen falsamente como



progresivo, pero que en realidade supón a eliminación do ensino gratuíto como tal, xa que obriga a pagar pola escolarización obrigatoria a miles de familias que viven lonxe das escolas e que non dispoñen de servizo de transporte a mediodía, ademais de supor un incremento dun 40% no prezo máximo do menú existente ata o de agora.

Na mesma tamén expoñen que os argumentos de progresividade dados pola Xunta para que as familias con máis recursos contribúan ao mantemento do servizo, resulta tan dolorosamente falso nos tempos que corren, que pasarán a pagar taxas de comedor miles de familias con salarios moi por debaixo dos 1.000 euros. Por contra todos os recortes no ensino público contrastan cos 240 millóns de subvención ao ensino concertado, cos 3 millóns de euros de subvención para centros que segregan ao alumnado por razón de xénero e que o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou ilegal.

Di ademais que esta medida cébase co rural, xa que nas cidades son as ANPAs as que sufragan o servizo de comedor, e no caso de Vedra a implantación deste copago vai resultar especialmente dolorosa debido á dispersión da poboación que fai que bastante máis do 90% do alumnado do CPI de Vedra, viva a máis de 2 km do mesmo, e pola limitada renda per cápita familiar que de media podemos ter neste concello, aumentando unha vez máis as dificultades coas que se atopan as familias para darlles unha educación aos seus fillos e fillas.

Por todo iso o grupo municipal do BNG solicita do pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1º.- Instar á Xunta de Galiza á retirada da proposta de copago dos comedores escolares, por ser unha medida que elimina a gratuidade real do ensino obrigatorio, e por provocar un maior empobrecemento das familias en tempos de crise, especialmente nun concello rural coma o noso, onde o 95% do alumnado vive a máis de 2 quilómetros dos centros educativos

2º.- Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

3º.- Instar á Xunta de Galiza a retirar os concertos dos colexios que segregan por sexo (que supoñen 3 millóns de euros) e dedicar estes cartos a ampliar o servizo de comedor gratuíto ao alumnado con poucos recursos económicos do ensino infantil e de primaria

Intervén o Sr. Pose, voceiro do BNG, e solicita o voto a favor da moción, sinalando que a parte de todo o exposto existe unha razón de peso, a progresividade xa vai nos impostos, dado que temos un sistema impositivo progresivo, e non ten sentido que se pague unha educación gratuíta, xa que a través do IRPF e outros impostos se paga en función do que se ten.

Tamén expón que con este tipo de medidas, no caso da educación, nun concello como Vedra son especialmente lesivas por un montón de motivos, e cando na Comisión Informativa o PP manifestou que poida ser que no pleno votase a favor, estaría disposto a eliminar algunha “palabra” ou “frase” para obter o voto favorable, porque o PP ten maioría absoluta neste país e se existe algunha forma de deitar este tipo de medidas é comezando polo municipalismo, que son os que realmente están en contacto coa xente,



o PP se opoña a elas, e que lle chegue a Santiago unha morea de acordos dicíndolle que isto non é o correcto.

O Sr. Lema do PP adianta que o seu grupo vai apoiar a moción, a pesares de non estar de acordo con moitas cuestións que se mencionan na exposición de motivos da mesma, pero con todo iso, di que foron elixidos para defender os intereses dos veciños de Vedra e este é o seu papel primordial, neste caso no copagamento dos comedores escolares.

Expón tamén que esta medida nun entorno urbano pode resultar beneficiosa porque existen comedores xestionados polas ANPAs, que seguramente resulten beneficiados, pero nun concello rural como Vedra vai supor unha carga para as familias a pesar de que un 60% dos nenos/as, segundo as súas estimacións, non teñan que pagar, e os que si teñan que facelo pagarán entre 1-2,5 euros/día, por todo iso están de acordo cos puntos nº 1 e 2º da moción. E en canto ao 3º dos colexios que segregan por sexo non teñen nada que dicir, pois xa o fixo o Tribunal Superior de Xustiza.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE, expón que no pleno pasado cando se debateu a urxencia deste moción, a Presidencia dixo que ían ter unha reunión co Xefe Territorial para que lles explicase o anteproxecto e a súa repercusión no noso concello, e eles insistiron bastante na necesidade de sacar isto adiante canto antes, posto que as noticias que había é que para o vindeiro curso estaría en vigor e que ía recaer nos mesmos de sempre. E no caso particular do rural é especialmente sangrante, porque é quizais onde existe unha maior dependencia dos comedores escolares, e finalmente tiveron esa reunión e constataron que ía existir ese incremento e que se ía aplicar para o vindeiro curso escolar.

A Presidencia explica que esa reunión era para coñecer se non caso do CEIP Ortigueira estaba afectado, e para ben ou para mal, non é un dos comedores incluídos nesta medida, e en canto ao CPI de Vedra e ao número de comensais segundo os datos dos que dispoñen, calculan que un 60% non vai ter que pagar nada e o resto, uns cen nenos, terán que achegar entre 1-2,5 euros/día e poucos chegarán a 4 euros/día.

Por último dona Lucía González manifesta que o seu grupo se suma a esa defensa dos intereses veciñais e particularmente nunhas actitudes reiterativas e que sobrecargan de pagos ás familias, e en canto a que se trata dunha medida solidaria, non ten en conta que quen hoxe presenta unha declaración da renda, un mileurista por dicir unha cifra, durante o curso escolar pódelle cambiar a súa situación e verse nunha situación ben apertada para poder facer fronte a tantos pagos que se lle reclaman, e o do comedor é un mais.

Di que ademais de sumarse á moción quere deixar constancia dunha queixa; que o goberno di que non ten recursos, pero cando ten algún interese si que existen, e para cousas que non son de interese xeral, como é o caso dos colexios que segregan por sexo que seguen a recibir axudas.

O Sr. Alveta de TEGA tamén di que votará a favor.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción.



4º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para publicar os orzamentos municipais de 2013 na web municipal.

Dáse conta da moción presentada polo BNG, na que se expón que no actual grao de evolución democrática xeneralizouse a esixencia dunha transparencia cada vez maior da actuación dos poderes públicos, sendo España un dos catros países de UE nos que aínda non existe unha lei de transparencia e acceso á información pública, o que motivou que o actual equipo de goberno aprobase un anteproxecto da lei de transparencia.

Sinala ademais que a necesidade de transparencia resulta aínda máis imprescindible na época de crise que estamos a vivir, e na que se esixen aos cidadáns sacrificios, que en moitos casos afectan non só á súa calidade de vida senón á súa propia supervivencia, e por outra banda cómpre recuperar a confianza do cidadán na xestión dos seus administradores, que se logra, non só informando amplamente e con detalle do destino dos fondos, senón tamén informando os resultados obtidos dos proxectos realizados.

A este fin o Concello de Vedra dispón dunha oportunidade única para ser o modelo a seguir por outras administracións locais, polo que solicita o apoio do concello para a aprobación da seguinte moción:

1º.- Aloxar o ORZAMENTO do ano 2013, incluíndo o ANEXO DE PERSOAL na web do concello.

2º.- Aloxar o orzamento do ano 2012 no que apareza: ESTADO DE GASTOS, o ESTADO DE INGRESOS, o ANEXO DE DÉBEDA e o ANEXO DE INVESTIMENTOS.

3º.- Proceder a partires da aprobación da presente moción, a publicar sucesivamente o Orzamento do ano en cernes, e actualizar o orzamento pasado con : ESTADO DE GASTOS, o ESTADO DE INGRESOS, o ANEXO DE DÉBEDA e o ANEXO DE INVESTIMENTOS.

Dita información debe estar en lugar visible e de fácil acceso, se é posible mediante unha ligazón na páxina de inicio (home) do sitio web do consistorio para que induza a calquera cidadán que a visite a entrar e comprobar como se administran os recursos municipais.

É unha medida fundamental para fomentar a transparencia do noso concello e a integración do veciño na vida municipal.

O Sr. Pose do BNG expón que se trata dunha proposta que recolleu no seu programa e que tampouco lle supón ningún custo nin ten ningún problema de xestión, xa que basicamente se trata de recoller nun diagrama de barras os gastos e ingresos que vai tendo o concello, incluídos os apartados sinalados.

Di ademais que considera que é importante, que xorde tamén con motivo daquela nova publicada dos 500.000 euros, e que se poida ter a finais da lexislatura dun xeito gráfico e visual como foron evolucionando as contas municipais.

O Sr. Lema do PP di que o seu grupo vai apoiar a moción porque dende logo apoian a política de transparencia na xestión do concello; pero que tamén é certo que



algúns dos que están agora na oposición gobernaron durante anos non hai moito tempo e daquela non existía esa transparencia que agora reclaman, aínda que benvida sexa , estando de acordo con publicar na web municipal os gastos e ingresos, e que os veciños poidan coñecer en que se gastan os cartos e como se xestiona o concello.

A Presidencia di que entende que eses datos se teñen que colgar anualmente, porque o fluxo de ingresos e gastos non ten unha continuidade no tempo, xa que depende de moitas circunstancias, e polo tanto o que se debe colgar na web son os orzamentos e a execución de gastos anuais.

Dona Lucía González do PSdG-PSOE manifesta o apoio do seu grupo a esta moción, sinalando que nas pasadas lexislaturas fóronse dando pasos para que isto sexa posible hoxe, e que todos imos evolucionando cara unha maior transparencia da xestión municipal.

O Sr. Alvela de TEGA expón que por suposto el tamén se suma á moción presentada polo BNG, porque non debe existir nada que ocultar e os veciños/as que reciban esa información saberán tratala, tendo en conta que se trata dunha administración onde se pode estar ou non de acordo con certos gastos, pero que en definitiva o que fai os orzamentos é alguén posto polos veciños.

Posta a votación a citada moción apróbase por unanimidade dos asistentes.

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG para a recuperación do “Mirador de Sales”- San Xián de Sales.

O Sr. Pose expón que esta moción nace dunha necesidade de que non teñamos un accidente, recordando que na lei de prevención de riscos laborais non é necesario que aconteza un accidente para ter responsabilidade sobre a propiedade dun mesmo.

Di que dependendo de quen sexa a propiedade dese predio, e de como estean as partes feitas, xa que se trata dun plan parcial no que existe un proceso no cal ten que volver a parcelarse todo e repartir de novo entre os propietarios, incluído o concello, ao que se lle ten que ceder certas propiedades, e con motivo da información nova da que se dispón dende a celebración da comisión informativa, entende que necesita recoller a moción doutra maneira, posto que ao mellor esta non é a vía axeitada, senón que debería ser a Consellería de Traballo a través da Lei de Prevención de Riscos Laborais, polo que vai retirar a moción.. Ademais o concello xa tomou parte dos acordos que se solicitaban na mesma no ano 2011, aínda que no apartado de rogos e preguntas fará unha serie delas relacionadas con este tema para dispor de mais información.

Retírase a moción da orde do día.

6º.- Contestación ás preguntas formuladas en plenos anteriores.

--Ás preguntas do PSdG-PSOE a Presidencia contesta:

1º.- Sobre da pista municipal en Brañalonga (Vilanova), di que se puxo en contacto con RAMSA, quen lle manifestou que o peche fíxose seguindo instrucións da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia por razóns de seguridade para



evitar o acceso á explotación de quads e motos e para evitar que se repetise a vertedura de escombros na balsa de decantación de pluviais, afecta a unha autorización de Augas de Galicia situada nas inmediacións do peche. E se o concello considera que debe modificarse, a empresa está disposta a seguir as directrices que se emitan polos servizos técnicos deste concello ao respecto, sempre deixando claro que non poden deixar abertos os límites da súa propiedade polas razóns aludidas, deixando claro que non estivo nunca no ánimo da empresa modificar a propiedade dos terreos da pista, e que de ser interese do concello proceder ao desafecto dos terreos da pista que actualmente non serven de acceso a ningunha leira de terceiros, pola súa parte estarían dispostos a chegar a un acordo para a súa adquisición.

2º.- En canto ao servizo de fisioterapia, di que se vai poñer en marcha de novo, e que o certo, e recoñéceo, e que o levan con retraso e esperan deixalo arranxado xa.

3º.- Sobre da estrada Vedra -Santa Lucía, di que as reunións foron múltiples, non so coa Deputación pois aquí mais do 90 % do proxecto é do Concello de Santiago; Así tiveron reunións co Deputado de obras, cos alcaldes de Santiago, con Guillermo Grandío e co Presidente da Deputación, e as posicións foron claras: prioridade absoluta á ponte (seguridade vial), logo acabar o ensanche ata Santa Lucía, e despois, dependendo da crise e das posibilidades económicas, o aglomerado. Aquí é onde dixeron que se estaba a traballar, e o traballo se facía de forma calada pero constante e que ía por bo camiño. Así, atendendo ás peticións, acadouse o compromiso de darlle prioridade o destino de máis de 900.000 euros para esta estrada (sendo prioritaria a ponte por suposto, por tanto aquí non está o aglomerado), e mandalo a contratación xa nestes días para iniciar os tramites de información pública, declarar a urxente ocupación e posterior expropiación, calculando os propios técnicos da deputación que é posible que este ano se ocupe na tramitación administrativa, pero que as obras con toda a probabilidade se realicen ao longo do 2014.

4º.- Polo que respecta ás preguntas do Sr. Cobas contesta:

O avogado don José Manuel Roibás Vázquez segue a ter contrato co Concello?

Si.

Qué asuntos ou temas leva?

En principio todos, salvo algunha especialidade moi concreta (por outro lado non habitual no concello), como pode ser laboral, e que ademais así se considerou e falou con el.

Por que non se lle pediu a el a presentación do recurso?

Xa o acabo de comentar, e ademais presenta o recurso o mesmo avogado que acudiu á vista oral.

Ten o alcalde algunha relación de sociedade co avogado que presentou o recurso?

Non teño, nin tiveron, ningunha relación de sociedade co avogado que presentou o recurso. É un profesional independente.

Se vostedes o preguntan porque comparte a mesma dirección profesional que tiña eu, e mesmo comparte lugar na placa que está alí (e onde aínda aparezo eu, xunto a outros letrados), repito, se vostede o pregunta por iso, só dicirlle que o que si é certo é que



compartimos, xunto con outros profesionais tamén independentes, os gastos vinculados ao piso e dito domicilio, e así mesmo, no seu momento acordamos por estética e por economía facer unha única placa onde nos puxésemos todos.

Por certo, tal e como declarei na miña declaración de bens ao principio da lexislatura, tiña o 50% da sociedade civil “Carrillo e Gesto S.C.” (sociedade por certo disoluta e liquidada o pasado 31 de decembro de 2012), sociedade formada única e exclusivamente por Carlos Martinez Carrillo e Gonzalo Gesto Quiñoy; sendo os letrados Francisco Méndez Senlle e Jesús Díaz Cadaveira absolutamente independentes.

Porque, ademais da vergoñenta argumentación feita polo avogado que escolleron, que reduce á mínima expresión os anos de traballo dos alcaldes, concelleiros e concelleiras, veciños e veciñas, para ter un Concello bastante distinto ao que no recurso se presenta, dáse a clamorosa coincidencia de que dito avogado comparte domicilio profesional ata onde nos consta, co Sr. Carlos Martínez Carrillo. Tivo isto algo que ver na elección deste e non doutro letrado?

Miren, o do domicilio profesional xa o acabo de explicar, e como xa dixemos Roibas non leva este tipo de preitos. Pedinllo a este compañeiro para este único e concreto caso, e ademais podía fisicamente acudir ao xuízo oral o 23 de agosto (algo moi importante). E por último, como vostedes puideron comprobar nas sucesivas Xuntas de Goberno dende agosto de 2012 ata hoxe, este compañeiro nin pasou, nin vai pasar minuta nin factura algunha, algo que creo tamén fundamental.

--Ás preguntas do SR. Pose do BNG, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre dos cambios que se están a realizar no cadro de persoal do concello, pídelle que concrete un pouco máis a pregunta, e di que en calquera caso calquera cambio busca unha maior eficacia e eficiencia na prestación dos servizos e que redunde evidentemente nunha mellora perceptible para o cidadán, e que todo o relacionado co persoal falase e acordase na Mesa de Negociación.

2º.- En canto ao desafiuzamento de familias, di que como xa dixo na Xunta de Voceiros, o Concello de Vedra vaise adherir ao convenio da Fegamp, Consello Xeral do Poder Xudicial e Xunta de Galicia.

3º.- Á pregunta sobre que vai pasar se Sogama incrementa un 26% o canon que cobra polo lixo, di que se o incrementa, estudaremos o tema, veremos como nos afecta, se temos que buscar alternativas ou non, se son mellores ou non, se son economicamente mais vantaxosas ou non, e con todo iso tomaremos as decisións que correspondan e sempre pensando no mellor para os veciños.

4º.- Por último e en canto ao informe solicitado ao Sr. Secretario sobre se os concelleiros con dedicación exclusiva poden realizar traballos fóra do concello, di que preguntarlle ao Secretario é como pedirlle un informe, e nese caso requírese 1/3 dos membros do Pleno. En calquera caso como tampouco hai nada que ocultar, solicitoulle que fixese o informe, pero que non sirva de precedente.

O Sr. Secretario procede á lectura do informe solicitado no que indica que o tema sobre percepcións de retribución dos membros das corporacións locais é un tema amplo e que non está en xeral suficientemente regulado nalgúns dos seus aspectos, polo cal, e cinguíndose estritamente á pregunta feita, di que o artigo 13.2 do Regulamento de



organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dispón literalmente o seguinte:

“De acordo co establecido no artigo 75.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, terán dereito a percibir retribucións e a ser dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social os membros das Corporacións Locais que desenvolvan as súas responsabilidades corporativas en réxime de dedicación exclusiva.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa de calquera outra retribución con cargo aos presupostos das Administracións Públicas e dos Entes, Organismos e Empresas delas dependentes.

O recoñecemento da dedicación exclusiva a un membro da Corporación esixirá a dedicación **PREFERENTE** do mesmo ás tarefas propias do seu cargo, sen prexuízo doutras ocupacións marxinais que, en calquera caso, non poderán causar detrimento á súa dedicación á Corporación.

No caso de que tales ocupacións sexan remuneradas, requirirase unha declaración formal de compatibilidade por parte do Pleno da entidade local.”

Por último a Presidencia indica que cre que é mais que obvio e evidente que Carlos Martinez Carrillo está tendo unha dedicación moi, moi preferente a desenvolver a tarefa de Alcalde.

7º.- Rogos e preguntas

--Dona Lucía González do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- No pleno do mes de febreiro aprobouse unha moción para que se cobre o IBI dos inmobles rexistrados da igrexa católica e doutras confesións relixiosas cuxo destino non estea vinculado ao culto; rogando que de ser posible nas vindeiras comisións informativas que se convoquen para o pleno do mes de maio se teña elaborado o censo de bens afectados para poñelo en común e ir dándolle trámite.

A Presidencia contesta que o censo xa está rematado e que se estudará na vindeira comisión informativa.

2º.- No pleno pasado fixo un rogo con relación ás sacas de madeira que pola zona de San Xián e San Fins foron nesta tempada intensas, e dado que parte delas xa remataron roga se lle dea un repasiño ás pistas porque nalgúns casos houbo agresións bastante severas que se arranxaron, pero aínda quedan algunhas de importante calado por resolver, e que se acometan polo concello ou que inste ás empresas encargadas, de coñecer a súa identidade, para que se reparen.

--O Sr. Pose do BNG en relación coa contestación da Presidencia sobre da solicitude de informes ao Sr. Secretario, se non se lle pode preguntar no pleno, contestándolle este que para solicitar informe oficialmente debe ser por un número de membros da corporación, o que non significa que non se dea.

De seguido formula as seguintes preguntas relativas ao Mirador de Sales -San Xián:



1º.- Existe a recepción da urbanización?, recordando que se trata dun plan parcial que se desenvolve por compensación, que se necesita polo tanto un proxecto de compensación e a urbanización debería estar recibida, e pregunta isto porque se existe cesión a responsabilidade sobre do mantemento e seguridade correspóndelle ao concello.

E se existe cal é a data de recepción?

2º.- Atendendo ao convenio que cre que existe entre o concello e a promotora, o centro de interpretación que existe no terreo da urbanización, cedido ao concello: Compensa ao 100% as cesións que lle corresponden ao concello polo artigo 47 da LOUGA, relativas a zona verde, equipamentos e o 10% dos aproveitamentos lucrativos? Porque se non é así hai elementos de urbanización que pertencen ao concello que ten que facerse responsable delas.

3º.- Di que existe unha maneira razoable de pechala confirmando a inexistencia de licenza de primeira ocupación, porque para que esta exista ten que presentarse un fin de obra, unha inspección técnica,...etc, solicitando que dende o concello se fagan as xestións no colexio de arquitectos para confirmar a inexistencia de fin de obra, porque se non existe tecnicamente segue sendo unha obra e a responsabilidade sobre da seguridade é competencia da inspección de traballo, co cal con que o concello se presente e faga unha denuncia xa se encargan eles de poñer firmes aos promotores.

--O Sr. Alveta de TEGA di que con motivo do inverno longo que houbo hai moitos buracos nas pistas rogando que se arranxen na maior brevidade.

--O Sr. Pose di que hoxe saíu publicado no xornal La Voz de Galicia a confirmación de que Sogama vai subir os prezos, incluso saen as porcentaxes de incremento e o motivo deste incremento.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e vinte minutos.